

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Secretaría

*Bases que rexerán o regulamento do Concurso de Grelos da XXIX Feira do Grelo do 3 de marzo de 2019*

##### ANUNCIO

A concelleira-delegada da Área de Atención, Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, ditou a resolución número 78/2019, do 21 de xaneiro, que é do seguinte teor literal:

##### “ANTECEDENTES DE FEITO

O domingo 3 de marzo, celébrase a XXIX edición da Feira do Grelo. Nesta feira organízase o concurso de grelos; para regular as condicións do concurso se elaboran unhas bases.

Vistas as bases que regulan a participación no concurso de Grelos,

- Existe proposta de gasto por importe de 1.530 euros de data 25/01/2018
- Existe informe de fiscalización da intervención municipal favorable nº 38/2019 con °data 21/01/2019. Partida orzamentaria: 2019.0. 338.48100.

##### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Considerando as facultades conferidas pola lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local , R.D.L.781/86 de 18 de abril, pola que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais e demais disposicións aplicables.

##### RESOLVO:

1º- Aprobar as seguintes bases que rexerán o regulamento do concurso de grelos da XXIX Feira do Grelo de 3 de marzo de 2019.

2º.- Ordenar a inserción das citadas bases no boletín oficial da provincia.”

##### BASES:

Inscrición: de 8 a 10:00h o día da feira no Mercado municipal, na Rúa Alexandre Bóveda.

1ª Os grelos presentaranse en cestas que deberán conter como mínimo 10 madas. Esta condición é obrigatoria para poder concursar.

2ª Só se admitirá un concursante por unidade familiar.

3ª Os concursantes deberán ter un mínimo de 16 anos.

4ª A partir das 10h, momento no que o xurado comezará a facer o recuento das cestas concursantes, non se admitirán máis cestas a concurso. Aínda que para admisión de inscricións terase en conta a cantidade de grelos presentada por participante (máximos atendendo ao recinto de exposición das cestas e mínimo 10 madas) e a adaptación á infraestrutura e xestión da feira polo que no caso de que o número de participantes sexa superior as prazas dispoñibles a selección farase por orde de inscrición.

As cestas que que non sexan admitidas poderán poñerse á venda pero non participarán no concurso.

5ª O concurso rematará ás 11h, comezando a esa hora a venda ao público dos grelos non agraciados con premio.

6ª O xurado estará composto por persoas coñecedoras do produto, e un representante do Concello (con voz, sen voto).

7ª As decisións do xurado serán inapelables, podendo declarar desertos os premios en calquera das categorías.

8ª Os donos das cestas admitidas a concurso recibirán un vale por importe de 20 €

9ª Establécense os seguintes premios (podendo declararse deserto algún deles):

Premios á calidade do grelo: 1º premio: 300 €, 2º premio: 250 €, 3º premio: 200 €, tres accésits de 60 € cada un; premio especial á cesta mellor adornada: 1º premio: 300 €, 2º premio: 200 €, 3º premio: 100 €

“Premio Especial Alexandre Pérez Sindín”

10ª Os premios estarán suxeitos á retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente.

Os gañadores daranse a coñecer o mesmo día da feira, unha vez rematado o concurso. Os participantes que resulten gañadores recollerán nese momento un vale do premio.

Os premiados deberán presentar a designación bancaria a seu nome asinada pola entidade financeira no rexistro xeral do Concello (ou no rexistro telemático, na sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com> entre o 4 e o 22 de marzo). O premio farase efectivo por transferencia bancaria.

As Pontes de García Rodríguez, 31 de xaneiro de 2019

A concelleira-delegada da Área de Atención, Participación Cidadá e Desenvolvemento Local

Mª Montserrat García Chavarría

2019/769